



# Padrón

Concello de Padrón  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
correo@padron.gal  
www.padron.gal  
Telf: 981 81 04 51  
Fax: 881 24 93 91

## DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO PARA O DIA VENRES 29 DE DECEMBRO DE 2023

Visto que ao longo do 2023 dende a Alcaldía asináronse 3 convenios de colaboración con outros Concellos que incorporan unha encomenda de xestión desta Administración a outra ou ben a aceptación realizada por outras a favor deste Concello, é preciso que o órgano competente, neste caso o Pleno da Corporación Municipal, ratifique, de ser o caso, as resolucións de aprobación, e

Visto que, de acordo ao procedemento regulado nos artigos 168 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, é preciso aprobar antes de rematar o exercizo 2023 o Orzamento municipal para o 2024.

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 7 de xullo do 2023,

### RESOLVO:

**Primeiro.** Convocar sesión extraordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: venres 29 de decembro de 2023
- ➔ Hora: 10:00
- ➔ Lugar: Salón de Sesiós da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. RATIFICACIÓN DO DECRETO DO ALCALDE 337/2023, DO 30 DE MAIO, POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN E ROIS PARA A XESTIÓN COMPARTIDA, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO COMARCA DO SAR 2023.
2. RATIFICACIÓN DO DECRETO DO ALCALDE 554/2023, DO 26 DE XULLO, POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CATOIRA, DODRO, PADRÓN, PONTECESURES, ROIS E VALGA PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE DODRO 2023/2024.
3. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE 324/2023, DO 24 DE MAIO, POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN E ROIS PARA A XESTIÓN COMPARTIDA, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO XUVENTUDE TERRAS DE IRIA 2023 (DODRO, PADRÓN E ROIS).
4. APROBACIÓN DE PRESUPUESTOS 2024.

**Segundo.** Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello ([www.padron.gal](http://www.padron.gal)), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) todos os asuntos incluídos na orde do día, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca